

Nomeo director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia a Alfonso Sánchez Izquierdo.

Santiago de Compostela, vinte e oito de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 20 de maio de 2009 pola que se dispón o nomeamento dos vogais e do secretario do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, establece no seu artigo 7 o carácter e constitución do seu Consello de Administración e os artigos 3.1º e 4.1º do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, do seu regulamento, que a consellería competente en razón á materia nomeará o secretario e catro dos seus vogais.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.

-O nomeamento como vogais do Consello de Administración do Intecmar de:

Francisco José Vidal-Pardo Pardo.

Pablo Ramón Fernández Asensio.

Susana Rodríguez Carballo.

Paloma Rueda Crespo.

-O nomeamento como secretario do Consello de Administración do Intecmar de:

Juan Carlos Maneiro Cadillo.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2009.

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 25 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se abre un novo prazo de presentación de solicitudes para a participación nos cursos que se realizará en Buenos Aires (Arxentina), Montevideo (Uruguai) e Caracas (Venezuela), incluídos no Programa de escolas abertas presenciais 2009 destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior e convocados por Resolución do 17 de marzo de 2009.

Mediante Resolución do 17 de marzo de 2009 (DOG nº 60, do 27 de marzo), a Secretaría Xeral da Emigración convocou o Programa de escolas abertas presenciais 2009 destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 27 de abril de 2009, o número de solicitudes para os cursos convocados nas cidades de Buenos Aires (Arxentina), Montevideo (Uruguai) e Caracas (Venezuela) é inferior ao número mínimo de alumnos necesario para a celebración dos cursos.

Así pois, ao non terse acadado o número mínimo de alumnos para a celebración dos obradoiros, é necesario abrir un novo prazo público de presentación de solicitudes na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración.

De acordo co anterior, o secretario xeral da Emigración, en virtude das competencias que ten atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes para os cursos convocados nas cidades de Buenos Aires (Arxentina), Montevideo (Uruguai) e Caracas (Venezuela), de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración www.galiciaaberta.com, nas seguintes modalidades:

Escolas abertas do exterior

*Buenos Aires (Arxentina):

-Formación do voluntariado social.

-Gaita tradicional galega.

-Baile tradicional galego.

*Montevideo (Uruguai):

-Formación do voluntariado social.

-Gaita tradicional galega.

-Baile tradicional galego.

*Caracas (Venezuela):

-Gaita tradicional galega.

As bases reguladoras desta convocatoria serán as publicadas na citada Resolución do 17 de marzo de 2009 (DOG nº 60, do 27 de marzo).

Contra esta resolución, que é definitiva na vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

José Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 25 de maio de 2009 pola que se regula o exercicio dos dereitos electorais do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, nas eleccións ao Parlamento Europeo do día 7 de xuño de 2009.

Convocadas eleccións ao Parlamento Europeo polo Real decreto 482/2009, do 3 de abril, da Presidencia do Goberno do Estado, que terán lugar o vindeiro día 7 de xuño de 2009, é preciso adoptar as medidas oportunas para facilitar o exercicio dos dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, en virtude do previsto nos artigos 28, 76, e 78 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e no artigo 13 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, e demais disposicións concordantes, esta consellería, de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 14 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.

1. O persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que o día das eleccións non desfrute do seu descanso semanal terá dereito a un permiso retribuído de ata catro horas libres para exercer o seu dereito ao voto, sempre que a súa quenda de traballo, o día 7 de xuño de 2009, coincida, polo menos en catro horas, co tempo en que permanecerán abertas as mesas electorais. Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

2. O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que teña previsto que na data da votación non se atopará na localidade onde lle corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poida exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporá, no seu horario laboral, de ata catro horas libres para que poida formular persoalmente a solicitude de certificación acreditativa da súa inscrición no censo, que se recolle no artigo 72 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, así como para a remisión do voto por correo.

Segundo.

1. O persoal nomeado presidenta/e ou vogal de mesas electorais e os/as que acrediten a súa condición de interventoras/es teñen dereito, durante o día da votación, a un permiso retribuído de xornada completa se non desfrutan en tal data de descanso semanal, e a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.

2. Os que acrediten a súa condición de apoderados/as teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non desfrutan nese día de descanso semanal.

Terceiro.

O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que se presente como candidato/a ás eleccións que terán lugar o vindeiro 7 de xuño poderá ser dispensado, logo da súa solicitude, da prestación do servizo nas súas respectivas unidades durante a campaña electoral. A competencia para a concesión do referido permiso corresponderalle á secretaría xeral de cada consellería.

Cuarto.

As direccións ou xefaturas de persoal das dependencias onde prestan os seus servizos as persoas afectadas por esta orde exixiránlles a estas os oportunos xustificantes expedidos polas mesas electorais de que foi exercido o seu dereito ao voto.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

Resolución do 18 de maio de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fixa o procedemento, o lugar e o prazo de presentación de solicitudes para a concesión de axudas de acción social do ano 2008.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2008 aprobáronse os criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para o exercicio económico do ano 2008.